

## CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DO CURSO 2026/2027

Comunicamos que está aberto o prazo de presentación de solicitudes de axuda para adquisición de libros de texto, material escolar e fondo de libros para o vindeiro curso 2026/2027. [Orde do 29 de abril de 2026 DOG 90](#)

As solicitudes serán presentadas preferiblemente de forma electrónica ([procedemento ED330B](#)) a través da aplicación [FONDOLIBROS](#), accedendo con CHAVE365 ou certificado dixital. Opcionalmente, poderanse tramitar as solicitudes de xeito presencial na secretaría do centro **ata o día 19 de xuño, de luns a venres en HORARIO de 09:30 a 12:00 horas e os martes en HORARIO de 16:00 a 17:30 horas.**

O impreso de solicitude está dispoñible na plataforma Educamos, na páxina web do colexio, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia e no propio centro.

Os destinatarios destas axudas son os alumnos e alumnas matriculados o vindeiro ano académico 2026/27 en Educación Primaria, ESO ou Educación Especial.

Presentarase unha **única solicitude** para todos os fillos/as matriculados no mesmo centro durante o curso 2026/27.

### DOCUMENTACIÓN que deberán aportar:

- **ANEXO I** (Solicitude cuberta e asinada polo solicitante, que será o titor/a legal dos/as alumnos/as).
- **ANEXO II** (Comprobación de datos e sinatura dos restantes membros da unidade familiar distintos do solicitante. Deberán achegar tantos Anexos II como sexan necesarios para incluír a todos os membros computables da unidade familiar).
- Fotocopia do **LIBRO DE FAMILIA** ou documento equivalente onde figure o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- **Excepcionalmente** poderán acreditar a composición da unidade familiar mediante **certificado ou volante de convivencia**, Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do Concello.
- No caso de que os proxenitores ou titores legais non teñan DNI/NIE tamén deberán presentar certificado ou volante de convivencia, Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do Concello.
- Fotocopia da **sentenza xudicial ou convenio regulador no caso de separación legal ou divorcio** onde conste a atribución da custodia do menor.

| <b>PRAZOS e procedemento</b>  |   |
|---|---|
| <b>Presentación de solicitudes:</b>   | <b>Do 19 de maio ata o 19 de xuño de 2026</b>                             |
| Presentación de solicitudes para alumnado que repita 4º da ESO ou para aquel que non obteña praza na FP básica: | Un mes desde a formalización da matrícula.                                |
| Publicación de listaxes provisionais:   | 13 de xullo.  |
| Reclamación contra a listaxe provisional  | Tres días hábiles seguintes á publicación.                                |
| Publicación de listaxes definitivas:  | 27 de xullo.  |
| Reclamacións contra a listaxe definitiva  | Un mes a partir do día seguinte á publicación.                            |
| Entrega dos vales ás familias:  | Informarase da dispoñibilidade dos vales a través da plataforma Educamos. |
| Recollida dos libros do Fondo de Libros:  | Entregaranse aos alumnos ao inicio do curso escolar en setembro.          |
| Enmenda de erros detectados nos vales:  | 10 días hábiles desde que recibe o vale                                   |
| Uso dos vales nas librarías e demais establecementos  | Ata o 12 de abril de 2027   |